

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

15647 *Lei orgánica 7/2012, do 27 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, en materia de transparencia e loita contra a fraude fiscal e na Seguridade Social.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

PREÁMBULO

I

O Código penal, tal e como sinala a exposición de motivos da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, tutela os valores e principios básicos da convivencia social, e o seu contido debe ser axustado aos cambios e ás novas necesidades da actual situación.

O eixe dos criterios que inspiran a presente reforma correspóndese co reforzamento da transparencia da actividade da Administración e do réxime de responsabilidade de partidos políticos e sindicatos, os cales se inclúen dentro do réxime xeral de responsabilidade penal das persoas xurídicas, do cal, ata agora, estaban excluídos; e, doutra, coa mellora da eficacia dos instrumentos de control dos ingresos e do gasto público, que se revela como un elemento imprescindible do conxunto de medidas adoptadas con motivo da crise económica, especialmente severa no ámbito europeo, e máis en concreto no caso español, así como coa necesidade de acompañalas das reformas necesarias nos sectores ou actividades económicas afectadas; actividades económicas en que, doutra banda, existe unha maior percepción da fraude e que son precisamente onde se deben adoptar as reformas penais concretas.

Para ese efecto, no ámbito penal faise necesaria unha profunda revisión dos delitos contra a Facenda pública e contra a Seguridade Social, regulados no título XIV do Código penal. Os obxectivos da reforma no ámbito tributario son: crear un tipo agravado que ofrezca resposta ás fraudes de especial gravidade e que eleve a pena de prisión ata unha duración máxima de seis anos, o que pola súa vez determina que o prazo de prescrición das infraccións máis graves sexa de dez anos; posibilitar a persecución das tramas organizadas de fraude fiscal mediante a facilitación da denuncia inmediata unha vez alcanzada a cantidade mínima de defraudación; incrementar as posibilidades de cobramento da débeda tributaria impagada evitando a paralización do procedemento administrativo polo proceso penal; introducir melloras técnicas na regulación das defraudacións á Facenda e aos orzamentos da Unión Europea; evitar a denuncia ante os xulgados daqueles obrigados tributarios que regularizaron, de forma completa e voluntaria, a súa situación tributaria. Tamén se prevén mecanismos para rebaixar a pena para aqueles imputados que, unha vez iniciado o proceso penal, satisfagan a débeda tributaria ou colaboren na investigación xudicial.

A reforma que se leva a cabo nos delitos contra a Seguridade Social afecta o tipo básico para reducir a contía a partir da cal a infracción é constitutiva de delito e facilitar as regularizacións. Cun esquema semellante ao utilizado para a regulación do delito fiscal, introdúcese un tipo agravado que permite a persecución de tramas societarias tras as cales se oculta o verdadeiro empresario para eludir o pagamento de cotas á Seguridade Social dos seus traballadores. Paralelamente, introdúcese un tipo específico para a

penalización das defraudacións en prestacións do sistema da Seguridade Social mediante un tratamento penal diferenciado da obtención fraudulenta de axudas e subvencións que ofrece unha resposta eficaz fronte aos supostos de fraude con grave quebrantamento para o patrimonio da Seguridade Social. Tamén neste caso se prevé un tipo agravado co cal se fai fronte ás novas formas de organización delituosa dedicadas a estas actividades ou propiciatorias delas, empresas ficticias creadas co único fin de obter prestacións do sistema.

Tamén se leva a cabo unha modificación dos delitos contra os dereitos dos traballadores previstos no título XV do Código penal, para sancionar a quen incumpre de forma grave a normativa laboral con condutas que, ademais, supoñen unha inxusta competencia desleal con respecto ás empresas, emprendedores e traballadores autónomos que si sexan cumpridores das súas obrigas legais.

Por último, dentro do conxunto de medidas propostas para dotar de transparencia o sector público e fortalecer a confianza nas institucións públicas, establécese un novo tipo penal para sancionar as condutas de ocultación, simulación e falseamento das contas públicas.

II

En primeiro lugar, modifícase a regulación da responsabilidade penal das persoas xurídicas coa finalidade de incluír partidos políticos e sindicatos dentro do réxime xeral de responsabilidade, suprimindo a referencia a estes que ata o de agora se contiña na excepción regulada no punto 5 do artigo 31 bis do Código penal. Deste xeito supérase a percepción de impunidade destes dous actores da vida política que trasladaba a anterior regulación e esténdese a eles, nos supostos previstos pola lei, a responsabilidade polas actuacións ilícitas desenvolvidas pola súa conta e no seu beneficio, polos seus representantes legais e administradores, ou polos sometidos á autoridade dos anteriores cando non existise un control adecuado sobre eles.

III

En segundo lugar, efectúanse melloras técnicas na tipificación dos delitos contra a Facenda pública no artigo 305 do Código penal, que teñen por obxecto facilitar a persecución destes delitos e corrixir algunhas deficiencias advertidas na súa aplicación.

Unha primeira modificación consistiu en configurar a regularización da situación tributaria como o verdadeiro reverso do delito de maneira que, coa regularización, resulte neutralizado non só o desvalor da acción, cunha declaración completa e veraz, senón tamén o desvalor do resultado mediante o pagamento completo da débeda tributaria e non soamente da cota tributaria como ocorre actualmente.

Esta nova configuración da regularización fai que esta garde unha relación de equivalencia práctica co pagamento tempestivo do imposto, tal e como destacaron tanto a Fiscalía Xeral do Estado como o Tribunal Supremo, que de forma moi expresiva se referiron á regularización como o pleno retorno á legalidade que pon fin á lesión provisional do ben xurídico protexido producida pola defraudación consumada co inicial incumprimento das obrigas tributarias.

En coherencia con esta nova configuración legal da regularización tributaria como o reverso do delito que neutraliza completamente o desvalor da conduta e o desvalor do resultado, considérase que a regularización da situación tributaria fai desaparecer o inxusto derivado do inicial incumprimento da obriga tributaria e así se reflicte na nova redacción do tipo delituoso, que une a ese retorno á legalidade a desaparición do reproche penal. Esta modificación complementábase coa do punto 4, relativa á regularización, suprimindo as mencións que a conceptuaban como unha escusa absoluta.

Introdúcese un novo punto que lle permite á Administración tributaria continuar co procedemento administrativo de cobramento da débeda tributaria a pesar da pendencia do proceso penal. Con esta reforma trátase de eliminar situacións de privilexio e situar o presunto delincuente na mesma posición que calquera outro debedor tributario, e ao

mesmo tempo incrementase a eficacia da actuación de control da Administración: a pendencia do proceso xudicial non paraliza por si soa a acción de cobramento pero poderá paralizala o xuíz sempre que o pagamento da débeda se garanta ou que o xuíz considere que se poderían producir danos de imposible ou difícil reparación. E tamén se atende unha exigencia do ordenamento comunitario, xa que as autoridades comunitarias veñen reclamando a España unha reforma do seu sistema legal para que a existencia do proceso penal non paralice a acción de cobramento das débedas tributarias que constitúan recursos propios da Unión Europea.

En relación coa determinación da cota tributaria defraudada, a reforma introduce dúas modificacións relevantes. Dunha parte, aclara que a contía defraudada no ámbito de ingresos da Facenda da Unión Europea se determinará por relación ao ano natural. Doutra parte, introdúcese unha regra especial para poder perseguir as tramas de criminalidade organizada de forma inmediata desde o momento en que a defraudación supere a contía mínima determinante do delito.

Prevese tamén unha atenuación da pena cando os presuntos responsables dos delitos recoñecen a súa comisión e satisfán integramente a débeda tributaria ou ben colaboran coas autoridades para a investigación dos feitos e, de ser o caso, a identificación ou captura doutros responsables, coa condición de que tal recoñecemento, pagamento e cooperación se produzan nun breve lapso de tempo.

Tamén dentro dos delitos contra a Facenda pública, prevese un novo tipo agravado no artigo 305 bis para tipificar as condutas de maior gravidade ou de maior complexidade no seu descubrimento, que se sancionan cunha pena máxima de seis anos, o cal, por aplicación do artigo 131 do Código penal, comportaría o aumento do prazo de prescripción a dez anos para dificultar a impunidad destas condutas graves polo paso do tempo. Considéranse supostos agravados aqueles en que a contía da cota defraudada supere os seiscentos mil euros, límite cuantitativo apuntado pola xurisprudencia; aqueles en que a defraudación se comete no seo dunha organización ou dun grupo criminal; ou en que a utilización de persoas, negocios, instrumentos ou territorios dificulte a determinación da identidade ou patrimonio do verdadeiro obrigado tributario ou responsable do delito ou a contía defraudada. Coa referencia expresa a paraísos fiscais e territorios de nula tributación, dótase de maior certeza e seguridade xurídica o precepto xa que se trata de conceptos xa definidos na disposición adicional primeira da Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal.

Ademais, modifícase a redacción do artigo 306 do Código penal para aclarar a diferenza da conduta típica coa prevista no punto 3 do artigo 305 e para refundir os actuais artigos 306 e 309 nun só precepto. Os casos en que a defraudación non alcance os cincuenta mil euros pero supere os catro mil euros son castigados como delitos no punto 3 do artigo 305 e no artigo 306, desaparecendo a tipificación como falta dos actuais artigos 627 e 628.

Por último, modifícase o artigo 310 bis do Código penal debido á necesidade de harmonizar a penalidade imposta ás persoas xurídicas responsables de delitos contra a Facenda pública coa xa prevista para as persoas físicas responsables dos mesmos delitos, de xeito que, dunha banda, se introduce na alínea b) a pena de multa do dobre ao cuádruplo nos supostos agravados cuxa regulación se propón no novo artigo 305 bis e, doutra banda, se engade un novo segundo parágrafo no que se prevé a imposición ás persoas xurídicas responsables destes delitos das penas que a alínea f) do punto 7 do artigo 33 prevé con carácter xeral e que xa o punto 1 do artigo 305 impón para as persoas físicas.

IV

En canto aos delitos contra a Seguridade Social, refórmase o artigo 307 do Código penal para os efectos de reducir a cincuenta mil euros a contía que establece o tipo delituoso como condición obxectiva de punibilidade. A fixación do límite débese facer conforme criterios económicos, políticos e sociais. A realidade social e económica actual pon de relevo a necesidade de actuar, con maior contundencia, fronte ás condutas

presuntamente delituosas e tramas organizadas que poñen en perigo a sustentabilidade financeira do sistema da Seguridade Social. A redución da contía do tipo delituoso permite que sexan obxecto de punibilidade penal feitos que actualmente só son sancionables administrativamente e que son obxecto dun contundente reproche social en momentos de especial dificultade económica no ámbito empresarial como os actuais.

Na práctica danse supostos nos cales se interpreta que non existe delito contra a Seguridade Social polo mero feito de que se presentaron os documentos de cotización, sen entrar a valorar se son veraces e completos. Tamén é frecuente que nos supostos de defraudación nos cales interveñen persoas interpostas, precisamente, a presentación de documentos de cotización aparentemente correctos forme parte do engano. Por iso, engadiuse un último inciso para aclarar que a simple presentación dos documentos de cotización non exclúe a defraudación se esta queda acreditada por outros feitos. O inciso non supón modificación conceptual ningunha, senón que trata de fixar a interpretación auténtica da norma.

O inciso incluíuse tamén no artigo 305, referido ao delito contra a Facenda pública para evitar que a súa ausencia se poida interpretar no sentido de que a simple presentación de declaracións ou autoliquidacións exclúe en todo caso a defraudación.

Introdúcese, igualmente, un novo tipo agravado en supostos de condutas especialmente graves pola contía eludida ou outras circunstancias concorrentes de especial entidade, como a utilización de sociedades ou persoas interpostas para ocultar os verdadeiros responsables do pagamento das cotas de Seguridade Social, e que xustifican un maior reproche penal. A agravación da pena comporta a ampliación do período de prescrición do delito, fundamental nestes casos pola súa complexidade de difícil e tardía detección, e que coa ampliación da pena máxima a seis anos de prisión, un máis que a actualmente vixente, amplía o prazo de prescrición a dez anos.

Tanto para o tipo ordinario como para o agravado considerouse procedente recoller de modo expreso a imposición ao responsable das penas accesorias de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas e do dereito a gozar dos beneficios ou incentivos fiscais ou da Seguridade Social, cuxa duración variará en atención á gravidade do tipo.

De forma paralela ao delito contra a Facenda pública, configúrase a regularización da situación ante a Seguridade Social como o reverso do delito que neutraliza completamente o desvalor da conduta e o desvalor do resultado, de modo que fai desaparecer o carácter delituoso do inicial incumprimento da obriga coa Seguridade Social.

Tamén se modifica o artigo 308 do Código penal, relativo á fraude de axudas ou subvencións das administracións públicas ou da Seguridade Social. Debido ao antigo concepto de subvención e a determinadas interpretacións xurisprudenciais, chegou a considerarse como subvención a prestación e o subsidio de desemprego. Con isto, entendeuse que nestes casos só existía defraudación cando a contía superaba a cifra de cento vinte mil euros, quedando despenalizados os demais casos. Por iso, refórmase o artigo 308 do Código penal para manter dentro da regulación da fraude de subvencións unicamente as axudas e subvencións das administracións públicas cando a contía supere a cifra de cento vinte mil euros. Cando se trate de prestacións do sistema da Seguridade Social, os comportamentos defraudatorios tipifícanse nun novo precepto, o artigo 307 ter, que os castiga cunha penalidade axustada á gravidade do feito: prisión de seis meses a tres anos nos supostos ordinarios; multa do tanto ao séxtuplo nos casos que non revistan especial gravidade; e prisión de dous a seis anos e multa do tanto ao séxtuplo nos supostos agravados. En todos os casos se prevé, ademais, a imposición ao responsable da perda da posibilidade de obter subvencións e do dereito a desfrutar de beneficios ou incentivos fiscais ou da Seguridade Social. Esta solución permite dar un mellor tratamento penal ás condutas fraudulentas contra a Seguridade Social, e evita o risco de impiedade daquelas fraudes graves que ata agora non superaban o límite cuantitativo establecido.

O artigo 307 ter, no tratamento específico que realiza destas condutas fraudulentas, vén facilitar tamén a persecución das novas tramas organizadas de fraude contra a

Seguridade Social que, mediante a creación de empresas ficticias, teñen por único fin a obtención de prestacións do sistema coa consecuente agravación da pena.

V

A actual configuración do delito contra os dereitos dos traballadores contido no artigo 311 do Código penal, en atención aos elementos subxectivos requiridos para a concurrencia do ilícito, dificulta a aplicación do tipo penal á hora de exixir responsabilidades a quen, de forma colectiva, está a incumplir as obrigas que lle corresponden en relación co aseguramento obrigatorio ou a propósito das preceptivas autorizacións para traballar daqueles aos cales ocupa na súa actividade empresarial.

Quen, de forma masiva ou colectiva, recorre á utilización de traballadores sen ter formalizado a súa incorporación ao sistema da Seguridade Social que lles corresponda, ou sen ter obtido a preceptiva autorización para traballar no caso dos estranxeiros que o precisen, debe merecer o correspondente reproche penal.

Os prexuízos ocasionados por estas condutas son evidentes. Por unha banda, a negación dos dereitos que en materia de seguridade social poidan corresponder aos traballadores polo período en que prestan os seus servizos de forma irregular. Por outra, os efectos perniciosos que presenta para as relacións económicas e empresariais o feito de que haxa quen produce bens e servizos a uns custos laborais moi inferiores aos que deben soportar aqueles outros que o fan cumprindo coas súas obrigas legais na materia, o que distorsiona a competitividade e desincentiva a iniciativa empresarial.

Se a conduta é grave en todo caso, e por iso xa se condena como tal no ámbito administrativo, a sanción penal faise depender dun determinado número de traballadores ocupados e afectados, en consonancia coa limitación do reproche punitivo aos comportamentos máis graves.

A propia gravidade destas condutas motiva que a sanción se amplíe ata a posible imposición dunha pena máxima de seis anos de prisión, o que permite de novo incrementar o prazo de prescrición ata os dez anos.

VI

Modifícase o artigo 398 do Código penal para excluír do tipo os certificados relativos á Seguridade Social e á Facenda pública. Non é infrecuente a falsificación dos certificados de situación de cotización polas empresas debedoras da Seguridade Social que, como contratistas ou subcontratistas, remiten ás empresas principais ou contratistas no marco da relación xurídica das contratas ou subcontratas. Existindo un tipo penal propio de falsidade de certificados, xurdía a dúbida de se se debían cualificar estas condutas como falsidade en documento oficial cometido por particulares ou como falsidade de certificados cometido por particulares. Considerouse conveniente unha nova redacción do artigo 398, ao cal se remite o artigo 399 do Código penal, que restrinxa a súa aplicación á falsidade de certificados de menor transcendencia e que exclúa expresamente todo certificado relativo á Seguridade Social e á Facenda pública, dada a transcendencia no tráfico xurídico de certificados falsos no ámbito tributario e da Seguridade Social.

VII

Finalmente, inclúese un novo artigo 433 bis cuxa finalidade é dotar da máxima transparencia o sector público e garantir a confianza na veracidade da información que reflicte a situación económica das administracións e entidades públicas.

Con esta finalidade sanciónase a autoridade ou funcionario público que falsee a contabilidade, documentos ou información que deban reflectir a súa situación económica, cando iso se leve a cabo dun xeito idóneo para causar un prexuízo económico á entidade pública da cal dependa. A norma incorpora unha regra que soluciona os problemas de posible concurso deste delito co de falsidade documental, de aplicación preferente, e será

por iso en particular aplicable á falsificación e mendacidade de documentos internos que, con todo, son relevantes para a adopción de decisións de transcendencia económica.

Así mesmo, tipifícase o falseamento da información de relevancia económica que non forma inicialmente parte dun documento, pero que atopa reflexo posterior nel. Deste xeito soluciónanse os problemas de tipicidade que poden xurdir cando o autor non emite o documento falso, senón que se limita a introducir a información mendaz que logo queda incorporada a un soporte documental escrito ou doutra natureza.

E, coa mesma finalidade, tipifícase a facilitación desa información mendaz a terceiros, cando tal conduta resulta idónea para causar un prexuízo económico á Administración.

Todas estas condutas, na medida en que non se trate de supostos de falsificación de documentos públicos ou oficiais -castigados polos artigos 390 e 393 do Código penal- castíganse con penas de multa e inhabilitación e pena de prisión no suposto de causación efectiva do prexuízo económico.

Artigo único. *Modificación da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.*

A Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o parágrafo primeiro do punto 5 do artigo 31 bis, que queda redactado como segue:

«5. As disposicións relativas á responsabilidade penal das persoas xurídicas non serán aplicables ao Estado, ás administracións públicas territoriais e institucionais, aos organismos reguladores, ás axencias e entidades públicas empresariais, ás organizacións internacionais de dereito público nin a aquelas outras que exerzan potestades públicas de soberanía, administrativas ou cando se trate de sociedades mercantís estatais que executen políticas públicas ou presten servizos de interese económico xeral.

(...)»

Dous. O artigo 305 queda redactado do seguinte modo:

«1. O que, por acción ou omisión, defraude a Facenda pública estatal, autonómica, foral ou local, eludindo o pagamento de tributos, cantidades retidas ou que se deberían ter retido ou ingresos á conta, obtendo indebidamente devolucións ou desfrutando beneficios fiscais da mesma forma, sempre que a contía da cota defraudada, o importe non ingresado das retencións ou ingresos á conta ou das devolucións ou beneficios fiscais indebidamente obtidos ou desfrutados exceda os cento vinte mil euros, será castigado coa pena de prisión dun a cinco anos e multa do tanto ao séxtuplo da citada contía, salvo que tiver regularizado a súa situación tributaria nos termos do punto 4 do presente artigo.

A simple presentación de declaracións ou autoliquidacións non exclúe a defraudación cando esta se acredite por outros feitos.

Ademais das penas sinaladas, imporáselle ao responsable a perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas e do dereito a gozar dos beneficios ou incentivos fiscais ou da Seguridade Social durante o período de tres a seis anos.

2. Para os efectos de determinar a contía mencionada no punto anterior:

a) Se se trata de tributos, retencións, ingresos á conta ou devolucións, periódicos ou de declaración periódica, atenderase ao o defraudado en cada período impositivo ou de declaración, e se estes son inferiores a doce meses, o importe do defraudado referirase ao ano natural. Non obstante o anterior, nos casos en que a defraudación se leve a cabo no seo dunha organización ou grupo criminal, ou o leven a cabo persoas ou entidades que actúen baixo a aparencia dunha actividade

económica real sen desenvolve-la de forma efectiva, o delito será perseguible desde o mesmo momento en que se alcance a cantidade fixada no punto 1.

b) Nos demais supostos, a contía entenderase referida a cada un dos distintos conceptos polos que un feito impositivo sexa susceptible de liquidación.

3. As mesmas penas se imporán cando as condutas descritas no punto 1 deste artigo se cometan contra a Facenda da Unión Europea, sempre que a contía defraudada exceda os cincuenta mil euros no prazo dun ano natural. Non obstante o anterior, nos casos en que a defraudación se leve a cabo no seo dunha organización ou grupo criminal, ou o leven a cabo persoas ou entidades que actúen baixo a aparencia dunha actividade económica real sen desenvolve-la de forma efectiva, o delito será perseguible desde o mesmo momento en que se alcance a cantidade fixada neste punto.

Se a contía defraudada non superar os cincuenta mil euros, pero exceder os catro mil, imporase unha pena de prisión de tres meses a un ano ou multa do tanto ao triplo da citada contía e a perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas e do dereito a gozar dos beneficios ou incentivos fiscais ou da Seguridade Social durante o período de seis meses a dous anos.

4. Considerarase regularizada a situación tributaria cando o obrigado tributario procedese ao completo recoñecemento e pagamento da débeda tributaria, antes de que a Administración tributaria lle notificase o inicio de actuacións de comprobación ou investigación tendentes á determinación das débedas tributarias obxecto da regularización ou, no caso de que tales actuacións non se producisen, antes de que o Ministerio Fiscal, o avogado do Estado ou o representante procesual da Administración autonómica, foral ou local de que se trate interpoñan querela ou denuncia dirixida contra aquel, ou antes de que o Ministerio Fiscal ou o xuíz de instrución realicen actuacións que lles permitan ter coñecemento formal da iniciación de dilixencias.

Así mesmo, os efectos da regularización prevista no parágrafo anterior resultarán aplicables cando se satisfagan débedas tributarias unha vez prescrito o dereito da Administración á súa determinación en vía administrativa.

A regularización por parte do obrigado tributario da súa situación tributaria impedirá que sexa perseguido polas posibles irregularidades contables ou outras falsidades instrumentais que, exclusivamente en relación coa débeda tributaria obxecto de regularización, este poida ter cometido con carácter previo á regularización da súa situación tributaria.

5. Cando a Administración tributaria apreciar indicios de se ter cometido un delito contra a Facenda pública, poderá liquidar de forma separada, por unha banda, os conceptos e as contías que non se atopen vinculados co posible delito contra a Facenda pública e, por outra, os que se atopen vinculados co posible delito contra a Facenda pública.

A liquidación indicada en primeiro lugar no parágrafo anterior seguirá a tramitación ordinaria e suxeitarase ao réxime de recursos propios de toda liquidación tributaria. E a liquidación que, de ser o caso, derive daqueles conceptos e contías que se atopen vinculados co posible delito contra a Facenda pública seguirá a tramitación que para o efecto estableza a normativa tributaria, sen prexuízo de que finalmente se axuste ao que se decida no proceso penal.

A existencia do procedemento penal por delito contra a Facenda pública non paralizará a acción de cobramento da débeda tributaria. A Administración tributaria poderá iniciar as actuacións dirixidas ao cobramento, salvo que o xuíz, de oficio ou por instancia de parte, acordase a suspensión das actuacións de execución, logo de prestación de garantía. Se non se puider prestar garantía en todo ou en parte, excepcionalmente o xuíz poderá acordar a suspensión con dispensa total ou parcial de garantías se aprecian que a execución podería ocasionar danos irreparables ou de moi difícil reparación.

6. Os xuíces e tribunais poderanlle impor ao obrigado tributario ou ao autor do delito a pena inferior nun ou dous graos, sempre que, antes de que transcorran dous meses desde a citación xudicial como imputado, satisfaga a débeda tributaria e recoñeza xudicialmente os feitos. O anterior será igualmente aplicable respecto doutros partícipes no delito distintos do obrigado tributario ou do autor do delito, cando colaboren activamente para a obtención de probas decisivas para a identificación ou captura doutros responsables, para o completo esclarecemento dos feitos delituosos ou para a pescuda do patrimonio do obrigado tributario ou doutros responsables do delito.

7. Nos procedementos polo delito recollido neste artigo, para a execución da pena de multa e a responsabilidade civil, que comprenderá o importe da débeda tributaria que a Administración tributaria non liquidase por prescrición ou outra causa legal nos termos previstos na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, incluídos os seus xuros de demora, os xuíces e tribunais solicitarán o auxilio dos servizos da Administración tributaria, que as exixirá polo procedemento administrativo de constrinximento nos termos establecidos na citada lei.»

Tres. Engádesse o artigo 305 bis, que queda redactado do seguinte modo:

«1. O delito contra a Facenda pública será castigado coa pena de prisión de dous a seis anos e multa do dobre ao séxtuplo da cota defraudada cando a defraudación se cometer concorrendo algunha das circunstancias seguintes:

- a) Que a contía da cota defraudada exceda os seiscentos mil euros.
- b) Que a defraudación se cometese no seo dunha organización ou dun grupo criminal.
- c) Que a utilización de persoas físicas ou xurídicas ou entes sen personalidade xurídica interpostos, negocios ou instrumentos fiduciarios ou paraísos fiscais ou territorios de nula tributación oculte ou dificulte a determinación da identidade do obrigado tributario ou do responsable do delito, a determinación da contía defraudada ou do patrimonio do obrigado tributario ou do responsable do delito.

2. Aos supostos descritos neste artigo seranlles de aplicación todas as restantes previsións contidas no artigo 305.

Nestes casos, ademais das penas sinaladas, imporáselle ao responsable a perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas e do dereito a gozar dos beneficios ou incentivos fiscais ou da Seguridade Social durante o período de catro a oito anos.»

Catro. O artigo 306 queda redactado do seguinte modo:

«O que por acción ou omisión defraude os orzamentos xerais da Unión Europea ou outros administrados por esta, en contía superior a cincuenta mil euros, eludindo, fóra dos casos recollidos no punto 3 do artigo 305, o pagamento de cantidades que se deban ingresar, dando aos fondos obtidos unha aplicación distinta daquela a que estiveren destinados ou obtendo indebidamente fondos falseando as condicións requiridas para a súa concesión ou ocultando as que a terían impedido, será castigado coa pena de prisión dun a cinco anos e multa do tanto ao séxtuplo da citada contía.

Se a contía defraudada ou aplicada indebidamente non superar os cincuenta mil euros, pero exceder os catro mil, imporase unha pena de prisión de tres meses a un ano ou multa do tanto ao triplo da citada contía e a perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas e do dereito a gozar dos beneficios ou incentivos fiscais ou da Seguridade Social durante o período de seis meses a dous anos.»

Cinco. O artigo 307 queda redactado do seguinte modo:

«1. O que, por acción ou omisión, defraude a Seguridade Social eludindo o pagamento das cotas desta e os conceptos de recadación conxunta, obtendo indebidamente devolucións delas ou desfrutando de deducións por calquera concepto, así mesmo, de forma indebida, sempre que a contía das cotas defraudadas ou das devolucións ou deducións indebidas exceda os cincuenta mil euros, será castigado coa pena de prisión dun a cinco anos e multa do tanto ao séxtuplo da citada contía salvo que regularizase a súa situación ante a Seguridade Social nos termos do punto 3 deste artigo.

A simple presentación dos documentos de cotización non exclúe a defraudación, cando esta se acredite por outros feitos.

Ademais das penas sinaladas, imporáselle ao responsable a perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas e do dereito a gozar dos beneficios ou incentivos fiscais ou da Seguridade Social durante o período de tres a seis anos.

2. Para os efectos de determinar a contía mencionada no punto anterior atenderase ao importe total defraudado durante catro anos naturais.

3. Considerarase regularizada a situación ante a Seguridade Social cando o obrigado fronte á Seguridade Social procedese ao completo recoñecemento e pagamento da débeda antes de que se lle notificase a iniciación de actuacións inspectoras dirixidas á determinación das ditas débedas ou, no caso de que tales actuacións non se tivesen producido, antes de que o Ministerio Fiscal ou o letrado da Seguridade Social interpoñan querela ou denuncia dirixida contra aquel ou antes de que o Ministerio Fiscal ou o xuíz de instrución realicen actuacións que lles permitan ter coñecemento formal da iniciación de dilixencias.

Así mesmo, os efectos da regularización prevista no parágrafo anterior resultarán aplicables cando se satisfagan débedas ante a Seguridade Social unha vez prescrito o dereito da Administración á súa determinación en vía administrativa.

A regularización da situación ante a Seguridade Social impedirá que o dito suxeito sexa perseguido polas posibles irregularidades contables ou outras falsidades instrumentais que, exclusivamente en relación coa débeda obxecto de regularización, este poida ter cometido con carácter previo á regularización da súa situación.

4. A existencia dun procedemento penal por delito contra a Seguridade Social non paralizará o procedemento administrativo para a liquidación e o cobramento da débeda contraída coa Seguridade Social, salvo que o xuíz o acorde logo de prestación de garantía. No caso de que non se puider prestar garantía en todo ou en parte, o xuíz, con carácter excepcional, poderá acordar a suspensión con dispensa total ou parcial das garantías, no caso de apreciar que a execución podería ocasionar danos irreparables ou de moi difícil reparación. A liquidación administrativa axustarase finalmente ao que se decida no proceso penal.

5. Os xuíces e tribunais poderanlle impor ao obrigado fronte á Seguridade Social ou ao autor do delito a pena inferior nun ou dous graos, sempre que, antes de que transcorran dous meses desde a citación xudicial como imputado, satisfaga a débeda coa Seguridade Social e recoñeza xudicialmente os feitos. O anterior será igualmente aplicable respecto doutros partícipes no delito distintos do debedor á Seguridade Social ou do autor do delito, cando colaboren activamente para a obtención de probas decisivas para a identificación ou captura doutros responsables, para o completo esclarecemento dos feitos delituosos ou para a investigación do patrimonio do obrigado fronte á Seguridade Social ou doutros responsables do delito.

6. Nos procedementos polo delito recollido neste artigo, para a execución da pena de multa e a responsabilidade civil, que comprenderá o importe da débeda fronte á Seguridade Social que a Administración non liquidase por prescrición ou outra causa legal, incluídos os seus xuros de demora, os xuíces e tribunais

solicitarán o auxilio dos servizos da Administración da Seguridade Social, que as exixirá polo procedemento administrativo de constrinximento.»

Seis. Introdúcese un novo 307 bis, que queda redactado do seguinte modo:

«1. O delito contra a Seguridade Social será castigado coa pena de prisión de dous a seis anos e multa do dobre ao séxtuplo da contía cando na comisión do delito concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que a contía das cotas defraudadas ou das devolucións ou deducións indebidas exceda os cento vinte mil euros.

b) Que a defraudación se cometese no seo dunha organización ou dun grupo criminal.

c) Que a utilización de persoas físicas ou xurídicas ou entes sen personalidade xurídica interpostos, negocios ou instrumentos fiduciarios ou paraísos fiscais ou territorios de nula tributación oculte ou dificulte a determinación da identidade do obrigado fronte á Seguridade Social ou do responsable do delito, a determinación da contía defraudada ou do patrimonio do obrigado fronte á Seguridade Social ou do responsable do delito.

2. Aos supostos descritos neste artigo seranlles de aplicación todas as restantes previsións contidas no artigo 307.

3. Nestes casos, ademais das penas sinaladas, imporáselle ao responsable a perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas e do dereito a gozar dos beneficios ou incentivos fiscais ou da Seguridade Social durante o período de catro a oito anos.»

Sete. Introdúcese un novo artigo 307 ter coa seguinte redacción:

«1. Quen obteña, para si ou para outro, o desfrute de prestacións do sistema da Seguridade Social, a prolongación indebida deste, ou lles facilite a outros a súa obtención, por medio do erro provocado mediante a simulación ou terxiversación de feitos, ou a ocultación consciente de feitos dos cales tiña o deber de informar, causando con iso un prexuízo á Administración pública, será castigado coa pena de seis meses a tres anos de prisión.

Cando os feitos, á vista do importe defraudado, dos medios empregados e das circunstancias persoais do autor, non revistan especial gravidade, serán castigados cunha pena de multa do tanto ao séxtuplo.

Ademais das penas sinaladas, imporáselle ao responsable a perda da posibilidade de obter subvencións e do dereito a gozar dos beneficios ou incentivos fiscais ou da Seguridade Social durante o período de tres a seis anos.

2. Cando o valor das prestacións sexa superior a cincuenta mil euros ou concorra calquera das circunstancias a que se refiren as alíneas b) ou c) do punto 1 do artigo 307 bis, imporase unha pena de prisión de dous a seis anos e multa do tanto ao séxtuplo.

Nestes casos, ademais das penas sinaladas, imporáselle ao responsable a perda da posibilidade de obter subvencións e do dereito a gozar dos beneficios ou incentivos fiscais ou da Seguridade Social durante o período de catro a oito anos.

3. Quedará exento de responsabilidade criminal en relación coas condutas descritas nos puntos anteriores o que reintegre unha cantidade equivalente ao valor da prestación recibida incrementada nun xuro anual equivalente ao xuro legal do diñeiro aumentado en dous puntos porcentuais, desde o momento en que as percibiu, antes de que se lle notificase a iniciación de actuacións de inspección e control en relación con elas ou, no caso de que tales actuacións non se tivesen producido, antes de que o Ministerio Fiscal, o avogado do Estado, o letrado da Seguridade Social, ou o representante da Administración autonómica ou local de que se trate interpoñan querela ou denuncia dirixida contra aquel ou antes de que o

Ministerio Fiscal ou o xuíz de instrución realicen actuacións que lles permitan ter coñecemento formal da iniciación de dilixencias.

A exención de responsabilidade penal recollida no parágrafo anterior alcanzará igualmente o dito suxeito polas posibles falsidades instrumentais que, exclusivamente en relación coas prestacións defraudadas obxecto de reintegro, este poida ter cometido con carácter previo á regularización da súa situación.

4. A existencia dun procedemento penal por algún dos delitos dos puntos 1 e 2 deste artigo non impedirá que a Administración competente exixa o reintegro por vía administrativa das prestacións indebidamente obtidas. O importe que deba ser reintegrado entenderase fixado provisionalmente pola Administración e axustarase despois ao que finalmente se resolva no proceso penal.

O procedemento penal tampouco paralizará a acción de cobramento da Administración competente, que poderá iniciar as actuacións dirixidas ao cobramento salvo que o xuíz, de oficio ou por instancia de parte, acordase a suspensión das actuacións de execución logo da prestación de garantía. Se non se puiden prestar garantías en todo ou en parte, excepcionalmente o xuíz poderá acordar a suspensión con dispensa total ou parcial de garantías se apreciar que a execución podería ocasionar danos irreparables ou de moi difícil reparación.

5. Nos procedementos polo delito recollido neste artigo, para a execución da pena de multa e da responsabilidade civil, os xuíces e tribunais solicitarán o auxilio dos servizos da Administración da Seguridade Social, que as exixirá polo procedemento administrativo de constrinximento.

6. Resultará aplicable aos supostos regulados neste artigo o disposto no punto 5 do artigo 307 do Código penal.»

Oito. O artigo 308 queda redactado do seguinte modo:

«1. O que obteña subvencións ou axudas das administracións públicas nunha cantidade ou por un valor superior a cento vinte mil euros falseando as condicións requiridas para a súa concesión ou ocultando as que a terían impedido será castigado coa pena de prisión dun a cinco anos e multa do tanto ao séxtuplo do seu importe salvo que se leve a cabo o reintegro a que se refire o punto 5 deste artigo.

2. As mesmas penas se imporán ao que, no desenvolvemento dunha actividade sufragada total ou parcialmente con fondos das administracións públicas, os aplique nunha cantidade superior a cento vinte mil euros a fins distintos daqueles para os cales a subvención ou axuda foi concedida, salvo que leve a cabo o reintegro a que se refire o punto 5 deste artigo.

3. Ademais das penas sinaladas, imporáselle ao responsable a perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas e do dereito a gozar de beneficios ou incentivos fiscais ou da Seguridade Social durante un período de tres a seis anos.

4. Para a determinación da cantidade defraudada atenderase ao ano natural e deberase tratar de subvencións ou axudas obtidas para o fomento da mesma actividade privada subvencionable, aínda que procedan de distintas administracións ou entidades públicas.

5. Entenderase realizado o reintegro a que se refiren os puntos 1 e 2 cando o perceptor da subvención ou axuda proceda a devolver as subvencións ou axudas indebidamente percibidas ou aplicadas, incrementadas no xuro de demora aplicable en materia de subvencións desde o momento en que as percibiu, e se leve a cabo antes de que se notificase a iniciación de actuacións de comprobación ou control en relación coas ditas subvencións ou axudas ou, no caso de que tales actuacións non se tivesen producido, antes de que o Ministerio Fiscal, o avogado do Estado ou o representante da Administración autonómica ou local de que se trate interpoñan querela ou denuncia dirixida contra aquel ou antes de que o Ministerio Fiscal ou o xuíz de instrución realicen actuacións que lles permitan ter coñecemento formal da iniciación de dilixencias. O reintegro impedirá que o dito

suxeito sexa perseguido polas posibles falsidades instrumentais que, exclusivamente en relación coa débeda obxecto de regularización, este poida ter cometido con carácter previo á regularización da súa situación.

6. A existencia dun procedemento penal por algún dos delitos dos puntos 1 e 2 deste artigo non impedirá que a Administración competente exixa o reintegro por vía administrativa das subvencións ou axudas indebidamente aplicadas. O importe que deba ser reintegrado entenderase fixado provisionalmente pola Administración e axustarase despois ao que finalmente se resolva no proceso penal.

O procedemento penal tampouco paralizará a acción de cobramento da Administración, que poderá iniciar as actuacións dirixidas ao cobramento salvo que o xuíz, de oficio ou por instancia de parte, acordase a suspensión das actuacións de execución logo da prestación de garantía. Se non se puider prestar garantía en todo ou en parte, excepcionalmente o xuíz poderá acordar a suspensión con dispensa total ou parcial de garantías se apreciar que a execución podería ocasionar danos irreparables ou de moi difícil reparación.

7. Os xuíces e tribunais poderánlle impor ao responsable deste delito a pena inferior nun ou dous graos, sempre que, antes de que transcorran dous meses desde a citación xudicial como imputado, leve a cabo o reintegro a que se refire o punto 5 e recoñeza xudicialmente os feitos. O anterior será igualmente aplicable respecto doutros partícipes no delito distintos do obrigado ao reintegro ou do autor do delito, cando colaboren activamente para a obtención de probas decisivas para a identificación ou captura doutros responsables, para o completo esclarecemento dos feitos delituosos ou para a investigación do patrimonio do obrigado ou do responsable do delito.»

Nove. O artigo 310 bis queda redactado do seguinte modo:

«Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos recollidos neste título, imporánselle as seguintes penas:

a) Multa do tanto ao dobre da cantidade defraudada ou indebidamente obtida, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de prisión de máis de dous anos.

b) Multa do dobre ao cuádruplo da cantidade defraudada ou indebidamente obtida, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de prisión de máis de cinco anos.

c) Multa de seis meses a un ano, nos supostos recollidos no artigo 310.

Ademais das sinaladas, imporáselle á persoa xurídica responsable a perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas e do dereito a gozar dos beneficios ou incentivos fiscais ou da Seguridade Social durante o período de tres a seis anos. Poderase impor a prohibición para contratar coas administracións públicas.

Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán, así mesmo, impor as penas recollidas nas alíneas b), c), d), e) e g) do punto 7 do artigo 33.»

Dez. O artigo 311 queda redactado do seguinte modo:

«Serán castigados coas penas de prisión de seis meses a seis anos e multa de seis a doce meses:

1.º Os que, mediante engano ou abuso de situación de necesidade, lles impoñan aos traballadores ao seu servizo condicións laborais ou de Seguridade Social que prexudiquen, supriman ou restrinxan os dereitos que teñan recoñecidos por disposicións legais, convenios colectivos ou contrato individual.

2.º Os que dean ocupación simultaneamente a unha pluralidade de traballadores sen comunicar a súa alta no réxime da Seguridade Social que corresponda ou, de ser o caso, sen ter obtido a correspondente autorización de traballo, sempre que o número de traballadores afectados sexa polo menos:

- a) Do vinte e cinco por cento nas empresas ou centros de traballo que ocupen a máis de cen traballadores,
- b) Do cincuenta por cento nas empresas ou centros de traballo que ocupen a máis de dez traballadores e non máis de cen, ou
- c) Da totalidade destes nas empresas ou centros de traballo que ocupen a máis de cinco e non máis de dez traballadores.

3.º Os que no suposto de transmisión de empresas, con coñecemento dos procedementos descritos nos puntos anteriores, manteñan as referidas condicións impostas por outro.

4.º Se as condutas sinaladas nos puntos anteriores se levaren a cabo con violencia ou intimidación, imporanse as penas superiores en grao.»

Once. O artigo 398 queda redactado do seguinte modo:

«A autoridade ou funcionario público que librar certificación falsa con escasa transcendencia no tráfico xurídico será castigado coa pena de suspensión de seis meses a dous anos.

Este precepto non será aplicable aos certificados relativos á Seguridade Social e á Facenda pública.»

Doce. Engádesse o artigo 433 bis, que queda redactado do seguinte modo:

«1. A autoridade ou funcionario público que, de forma idónea para causar un prexuízo económico á entidade pública da cal dependa, e fóra dos supostos previstos no artigo 390, falsee a súa contabilidade, os documentos que deban reflectir a súa situación económica ou a información contida neles, será castigado coa pena de inhabilitación especial para o emprego ou cargo público por tempo dun a dez anos e multa de doce a vinte e catro meses.

2. Coas mesmas penas se castigará a autoridade ou funcionario público que, de forma idónea para causar un prexuízo económico á entidade pública da cal dependa, facilite a terceiros información mendaz relativa á situación económica desta ou algún dos documentos ou informacións a que se refire o punto anterior.

3. De se chegar a causar o prexuízo económico á entidade, imporanse as penas de prisión dun a catro anos, inhabilitación especial para o emprego ou cargo público por tempo de tres a dez anos e multa de doce a vinte e catro meses.»

Disposición adicional única. *Efectos da declaración tributaria especial*

Entenderanse declaradas dentro do prazo establecido na normativa de cada tributo respecto de cada período impositivo no cal se deban imputar as rendas inicialmente non declaradas regularizadas a través da declaración tributaria especial prevista na disposición adicional primeira do Real decreto lei 12/2012, do 30 de marzo, polo que se introducen diversas medidas tributarias e administrativas dirixidas á redución do déficit público.

Disposición derogatoria única.

1. Quedan derogados os artigos 309, 627 e 628 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.
2. Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ao previsto nesta lei orgánica.

Disposición derradeira primeira. *Adecuación das causas de inelixibilidade*

As causas de inelixibilidade contidas no artigo 6 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, adecuaranse, mediante a oportuna modificación legislativa, ás derivadas das infraccións que en materia de bo goberno se inclúan, de ser o caso, en normas de rango legal.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta lei orgánica entrará en vigor aos vinte días da súa completa publicación no «Boletín Oficial del Estado.»

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 27 de decembro de 2012.

JUAN CARLOS R

O presidente do Goberno
MARIANO RAJOY BREY